

Coordinación de traballos en grupo entre materias: desenvolvemento de competencias transversais

M^a Luisa Castro Cerceda¹, M^a Jesús Iglesias Briones², M^a Fuencisla Mariño Callejo², Manuel Megías Pacheco³, Pilar Molist García³, Castor Muñoz Sobrino¹, Manuel A. Pombal Diego³, José Sánchez Fernández¹.

¹Departamento de Bioloxía Vexetal e Ciencias do Solo, ²Ecoloxía e Bioloxía Animal, ³Bioloxía Funcional e Ciencias da Saúde. Facultade Bioloxía. Universidade de Vigo. E-mails: lcastro@uvigo.es, mbriones@uvigo.es, mmario@uvigo.es, mmegias@uvigo.es, pmolist@uvigo.es, bvcastor@uvigo.es, pombal@uvigo.es, jmsbot@uvigo.es

Resumo: A realización e exposición de seminarios é considerada unha ferramenta moi valiosa para o desenvolvemento das competencias transversais do alumno. A súa coordinación por parte de tres materias anuais do primeiro curso de bioloxía racionalizou, por un lado, o traballo do alumno, e por outro, permitiu unha titorización máis personalizada por parte do profesor.

Palabras chave: Coordinación, competencias transversais, autorización.

Title: Coordinating working groups among courses: development of transverse competences.

Summary: The realization and presentation of seminars is considered to be a very valuable tool in developing transverse competences for the undergraduate students. During the last academic year the coordination of three annual courses in the first year of the Biology degree allowed for a better rationalization of the student work load as well as a more personalized tutorial interaction between the student and the lecturer.

Key words: Coordination, transverse competences, tutorials.

Por que a coordinación de traballos en grupo?

Un dos obxectivos que se pretenden conseguir no EEES é a coordinación das distintas áreas de coñecemento que imparten docencia no mesmo curso, de tal xeito que permita tanto ao profesorado como ao alumnado traballar de forma coordinada para que a carga de traballo que se vai realizar polo alumno sexa racional. A implantación da experiencia piloto en primeiro de Bioloxía fixo moito mais factible esta coordinación nalgunhas áreas de coñecemento a través dun proxecto conxunto entre tres materias, co obxectivo de fomentar tanto competencias transversais como a capacidade de síntese, de redacción, presentación en público, traballo en equipo, manexo de programas informáticos, etc. Isto permitiu unha titorización moito máis persoal por parte dos profesores e profesoras implicados e unha racionalización do traballo do alumnado.

Como coordinar os traballos en grupo?

Para organizar os traballos en grupo, e que sexan válidos na avaliación de varias materias, é primordial unha boa coordinación entre as áreas implicadas,

realizando os profesores e profesoras reunións periódicas onde se establezan os obxectivos que debe acadar o alumnado e as bases que se van seguir na realización dos traballos, onde se discuta sobre os posibles temas que terán que desenvolver os alumnos e alumnas, que deben ser axeitados para todas as áreas de coñecemento implicadas, polo que deben ser de carácter xeral, con aspectos que impliquen a todas as materias (ou o maior número) e nos que poidan dispor de bibliografía non demasiado especializada ou exclusivamente en inglés, xa que é frecuente que o alumnado que entra en primeiro curso teña escaso coñecemento do inglés. E, por outra banda, aínda non está suficientemente preparado para enfrontarse a temas demasiado específicos ou moi especializados.

Nesas reunións de profesores tamén se establecen as normas para a realización dos traballos e se clarifica a valoración dos mesmos cara a avaliación final do alumno, xa que o traballo non debe impedir que o alumno/a poida superar cada unha das materias.

Ademais dos obxectivos xerais que se pretende que sexan alcanzados polo alumnado de calquera grupo de traballo, como son aprender a traballar en equipo, a coordinarse entre eles e co profesorado, a optimizar o tempo, a aprender a buscar e seleccionar bibliografía, a redactar e presentar un traballo e a ter capacidade de síntese e de exposición en público, a coordinación entre áreas mellora. Isto é debido a que permite ademais optimizar o tempo dos alumnos e alumnas, e dos profesores/as, a facer un mellor seguimento dos alumnos/as, a obter un mellor rendemento final do alumnado e a realizar unha avaliación conxunta dos traballos presentados por parte dos profesores/as das áreas implicadas, o que leva asociado unha maior obxectividade na cualificación.

Así pois, consideramos que se os alumnos/as alcanzan estes obxectivos estarán preparados para enfrontarse á realización e comprensión de traballos máis especializados e complexos en cursos superiores. Por outra banda, tamén cremos que o seguimento continuo por parte do profesorado implicado no desenvolvemento dos traballos é fundamental para que o alumnado aprenda. Neste senso, a coordinación basease en propor aos alumnos e alumnas a realización dun único traballo, no que a cualificación sexa válida para todas as materias involucradas, no preestablecemento de grupos pechados, o que lles obriga a organizar o seu traballo con persoas diferentes ás que eles mesmos elixirían ou fóra do seu grupo de amizades. A heteroxeneidade dentro de grupos pode achegar novidades organizativas minimizando as diferenzas entre grupos, evitando que se agrupen os alumnos/as máis destacados e/ou traballadores ou que, pola contra, os menos aplicados teñan dificultades para formar o seu propio grupo.

En xeral, trala experiencia obsérvase unha gran mellora con respecto aos anos anteriores e os obxectivos cúmprense practicamente ao 100%.

Para saber máis...

De Miguel, M. (Dir.) (2005). *Modalidades de enseñanza centradas en el desarrollo de competencias. Orientaciones para promover el cambio metodológico en el Espacio Europeo de Educación Superior*. Universidad De Oviedo. Última consulta o 25 de febreiro de 2008 dende:
www.eup.us.es/portada/eesup/documento4.doc

Exley, K. e Dennick, R. (2007). *Enseñanza en pequeños grupos en Educación Superior. Tutorías, seminarios y otros agrupamientos*. Madrid: Narcea.

GIAC: Grupo de interés en aprendizaje cooperativo. Última consulta o 25 de febreiro de 2008 dende: <http://giac.upc.es>

Ministerio de Educación y Ciencia. Secretaría de Estado de Universidades e Investigación. Consejo de Coordinación Universitaria (2006). *Propuestas para la Renovación de las Metodologías Educativas en la Universidad*. Madrid: Secretaría General Técnica. Subdirección General de Información y Publicaciones. Última consulta o 25 de febreiro de 2008 dende:

http://www.mec.es/educa/ccuniv/html/metodologias/docu/PROPUESTA_RENOVACION.pdf